

outubro de 2009) publicáronse as bases xerais para a provisión das prazas do cadro persoal funcionario, promoción interna, ás que resulta de aplicación a disposición transitoria segunda do EBEP, correspondentes á oferta de emprego para o ano 2008.

A convocatoria e as bases específicas que rexerán os procedementos selectivos polo sistema de concurso-oposición de 31 administrativos, grupo C-C1 e 5 capataces, grupo C-C2, fixéronse públicas no BOP número 244, do 24 de outubro de 2009.

Presentación de solicitudes: presentaranse no modelo oficial publicado no BOP nº 244, do 24 de outubro de 2009 e na páxina web da entidade (www.deputacionlugo.org).

Lugar de presentación: rexistro xeral desta entidade ou nos lugares determinados no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Dirixiranse ao presidente da Deputación Provincial de Lugo.

Prazo de presentación: vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Faise constar expresamente que os sucesivos anuncios que se deriven da convocatoria publicaranse no BOP de Lugo, no taboleiro de edictos desta corporación e unha páxina web da entidade (www.deputacionlugo.org).

Lugo, 26 de outubro de 2009.

Faustino Martínez Fernández
Secretario da Deputación Provincial de Lugo

ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO

Prego de cláusulas administrativas e prescricións para o servizo de catering.

Aprobados os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de restauración polo sistema de catering na escola infantil O Tombo, anúnciase a convocatoria para a devandita contratación.

1. Obxecto: contratación do servizo de restauración polo sistema de catering na escola infantil O Tombo.

2. Prezo: 119.152,80 euros (sen IVE).

3. Prazo de realización do servizo: catro anos.

4. Garantías: provisoria: non se exige. Definitiva: 5% do prezo de adxudicación (sen IVE).

5. Publicidade: anuncio no perfil do contratista da páxina web municipal (www.sanxenxo.es), no BOP e no DOG.

6. Prazo de presentación de ofertas: quince (15) días naturais contados desde o seguinte ao da última publicación deste anuncio, sexa esta no BOP ou no DOG.

7. Órgano de contratación: presidencia do organismo autónomo Terra de Sanxenxo.

8. Lugar de presentación de ofertas: no rexistro xeral do concello ou en calquera das formas permitidas na lexislación vixente.

9. Enderezo: rúa Consistorio, 4-6, CP 36960 Sanxenxo (Pontevedra).

10. Mesa de contratación: será constituída consonante dispoñen os pregos de cláusulas administrativas particulares respectivos.

11. Criterios de adxudicación: cláusulas 9ª e 10ª dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación.

12. Entidade e información: Concello de Sanxenxo, Departamento de Contratación. Teléfono: 986 72 00 75.

Sanxenxo, 10 de novembro de 2009.

Catalina González Bea
Presidenta do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo

e) OUTROS ANUNCIOS

FUNDACIÓN GALICIA-EUROPA

Resolución do 20 de novembro de 2009 pola que se convocan as liñas de bolsas desta fundación para o ano 2010.

A *Fundación Galicia Europa* convoca as súas liñas de bolsas para o ano 2010. Pódense obter as súas bases completas no seu portal web (www.fundaciongaliciaeuropa.eu) ou nas súas oficinas de Santiago de Compostela e Bruxelas.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2009.

Alfoso Rueda Valenzuela
Secretario xeral da *Fundación Galicia Europa*